

## Angoulême 2009

### Introdución

Co obxectivo de promover a BD galega, unha representación da Xunta de Galicia e da mesa pola BD que a Consellaría de Cultura e Deporte promove desprazouse a Angoulême durante o seu trixésimo sexto festival. Este informe é unha guía sobre o festival e a presenza da BD galega no mesmo.

### Índice de contidos:

#### O Festival de Angoulême

Situación e acceso

Aloxamento

Acreditacións e descontos

#### Presenza da BD galega no Festival

Recepción no concello de Angoulême

Promoción da exposición e da BD galega en entrevistas radiofónicas

Reunión con Pilar Muñoz, directora de Le maison des auteurs

Reunións cos distintos expositores tomando como centro de operacións o stand galego

Colaboración na promoción dos autores galegos alí presentes

### O Festival de Angoulême

O Festival Internacional de BD de Angoulême, con 36 anos ás súas costas é, sen ningunha dúbida, o máis importante de Europa e un dos máis importantes do mundo, o que o converte nun importante centro para a promoción internacional da BD.



### Situación e acceso

Angoulême é unha pequena cidade situada no oeste-suroeste de Francia a 120 km de Bordeos, 45 de Cognac e 445 de París.

Non hai voos directos ata Angoulême, porque non ten aeroporto internacional.

O transporte máis cómodo para visitar Angoulême desde Galicia é a combinación de avión ata Bordeos e desde alí en tren TGV ata Angoulême. Ou ben avión ata París, que pode ofrecer máis ofertas de voo a mellores prezos, combinando cunha viaxe algo máis longa en TGV desde París ata Angoulême. Á hora de programar os horarios de transporte hai que ter en conta tamén o prezo e o tempo de desprazamento desde o aeroporto de Bordeos ata a estación de ferrocarril no centro de cidade.

Existen descontos para transporte en tren presentando acreditación do festival.

### Aloxamento

A capacidade hoteleira de Angoulême non é moi grande e cóbrese completamente durante o festival, polo que é conveniente reservar aloxamento con bastante antelación. Algúns profesionais, sobre todo expositores, que saben que a súa cita co festival vai ser fixa, reservan ata dun ano para outro.

Con todo, a cidade entrégase completamente co evento e unha das posibilidades de aloxamento é en casas particulares que alugan habitacións e ata preparan comidas durante os días do festival.

A través da completa páxina de turismo de Angoulême (<http://www.angouleme-tourisme.com/>), que tamén ofrece información específica sobre o festival, pódese reservar habitación en hoteis, hostais, albergues e casas particulares. Dispón ata dun servizo para ver que casas particulares están libres no momento da consulta, cos datos de contacto de cada unha.



### Acreditacións e descontos

Ademais de existir bonos de entradas para os non profesionais, o festival facilita acreditacións para autores, expositores e prensa que se poden solicitar por teléfono, correo ou correo electrónico á organización do festival. Recomendamos visitar a páxina oficial do Festival para descargar os documentos actualizados. O contrato de *stands* tamén inclúe un número determinado de acreditacións para xestionar libremente, ampliables pagando cada unidade extra.

As acreditacións profesionais permiten acceso libre e gratuíto a todas as instalacións e exposicións do festival. Ofrece descontos na reserva de billetes de tren e nalgúns

hoteles. Ademais, existe un servizo gratuíto de taxis para os profesionais acreditados, para desprazamentos pola cidade ou a localidades próximas.  
É conveniente solicitar a acreditación por adiantado, porque se poden aproveitar os descontos no TGV presentando a acreditación, que doutro xeito non se tería ata visitar o festival. Ademais, coa solicitude por correo evítanse as inxentes colas que se forman nos despachos de billetes sobre todo en venres e sábado.

## Presenza da BD galega no Festival

Durante o Festival internacional de BD de Angoulême (<http://www.bdangouleme.com/>), o festival de BD máis importante de Europa, a representación galega formada por María Xesús López (delegada en Pontevedra da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia), Javier Montes, David Prieto (AGPI), Juan Carlos Sanmiguel (Presidente da agrupación de libeiros) e Óscar Iglésias (Tradutor) acudiu a feira cunha exposición de autores galegos de BD (Dez anos de BD galega) un stand na zona de negociación internacional de dereitos e o seguinte programa de actividades:

- Recepción no concello de Angoulême
- Promoción da exposición e da BD galega en entrevistas radiofónicas.
- Reunión con Pilar Muñoz, directora de Le maison des auteurs (Centro de traballo para autores de BD de todo o mundo becados para desenvolver os seus proxectos na Casa)
- Reunións cos distintos expositores (editores, agrupacións,etc) tomando como centro de operaciós o stand galego.
- Colaboración na promoción dos autores galegos alí presentes.

### Recepción no concello de Angoulême



Fíxose unha recepción no concello de Angouleme organizada pola Consellaría de Cultura e Deporte para a que se levaron produtos típicos galegos por medio dun servizo de catering.



Para a promoción previa da mesma contouse coa colaboración da asociación Francia-España de Angoulême que coordina algunhas das actividades relacionadas con españois durante a feira. A delegación galega tamén fixo promoción repartindo por tódolos stands invitacións e dosieres con información da BD galega.


Ante os numerosos asistentes á recepción o alcalde de Angoulême, o director do festival e a delegada María Xesús López faláron das actividades da BD galega en Angoulême e dos proxectos en curso da mesa pola BD facendo especial mención da presenza galega no Salón del cómic de Barcelona 2009 como comunidade convidada. Á entrada da recepción repartíronse catálogos da exposición e o citado dosier informativo.

### **Promoción da exposición e da BD galega en entrevistas radiofónicas**

Durante o festival fixéronse dúas entrevistas de radio. Unha antes da recepción, na emisora da Oficina de Turismo coa delegada de Pontevedra e un dos comisarios da exposición, Javi Montes coa colaboración de Óscar Iglésias, onde se invitou á xente a achegarse pola recepción mentras se presentaba a expo e outros proxectos da mesa BD e outra despois na emisora do Manga Building, espazo onde se celebraban diversos encontros internacionais coa presenza de Óscar Iglésias e dos autores Victor Rivas, Kiko da Silva e Javi Montes, máis centrada xa na presenza de autores galegos en Angoulême. Temos pedidas as dúas gravacións á Oficina de Turismo (<http://www.angouleme-tourisme.com/>).

### **Reunión con Pilar Muñoz, directora de Le maison des auteurs**

Reunímonos coa directora do centro para continuar o contacto establecido o pasado ano coa intención de colaborar nun futuro nalgún proxecto de beca para autores similar á que dan en colaboración coa Fundación Alhóndiga Bilbao ([http://www.alhondigabilbao.com/cast/para\\_beca\\_comic2\\_02.htm](http://www.alhondigabilbao.com/cast/para_beca_comic2_02.htm))



Alí, Pili Muñoz, presentounos aos representantes da Fundación Alhóndiga Bilbao, cos que intercambiamos datos de contacto.

Aproveitamos a visita para que nos ensinasen as instalacións, das que adxuntamos algunhas fotos. Pili comentounos que agora mesmo están a traballar na ampliación da biblioteca do CNBDI (<http://www.cnbd.fr/>) o que lles consume moitos recursos, pero que a partir do ano que ven poderían plantexarse novas colaboracións para a promoción de becas de traballo. Pili comentou tamén, que para acceder a casa dos autores non é necesario vir por medio de ningunha beca, xa que se pode entrar en calquera das 3 convocatorias anuais que eles fan.

Máis información no sitio web da Casa dos autores:  
<http://www.maisondesauteurs.com/>

### **Reunións cos distintos expositores (editores, agrupacións, etc) tomando como centro de operacións o stand galego.**

Este é un listado dos contactos alí feitos:

#### **Editoriais**

##### **Casterman (contacto actualizado)**

Carolina Boixeda (Rights manager – Internacional Department)  
[c.boixeda@casterman.com](mailto:c.boixeda@casterman.com)

Didier Borg

[d.borg@casterman.com](mailto:d.borg@casterman.com)

##### **Dargaud (contacto actualizado)**

Thomas Ragon (editor)

[thomas@dargaud.fr](mailto:thomas@dargaud.fr)

##### **Glenat (contacto actualizado)**

Olivier Galli

[Olivier.galli@glenat.com](mailto:Olivier.galli@glenat.com)

##### **Les Humanoïdes Associés. (contacto actualizado)**

Edmond Lee (licensing manager)

[Edmond.lee@humano.com](mailto:Edmond.lee@humano.com)

##### **Norma Comics**

Óscar Valiente

[ovaliente@normaeditorial.com](mailto:ovaliente@normaeditorial.com)

Rafael Martínez

[rafamart@normaeditorial.com](mailto:rafamart@normaeditorial.com)

##### **Myriad Editions**

Corinne Pearlman

[Corinne@MyriadEditions.com](mailto:Corinne@MyriadEditions.com)

**Editions Cornelius (Novo contacto)**

[Central@cornelius.fr](mailto:Central@cornelius.fr)

**Animal public (Novo contacto)**

[www.animalpublic.fr](http://www.animalpublic.fr)

Didier Guilloux [dguilloux@noos.fr](mailto:dguilloux@noos.fr)

**Chroma (Novo contacto)**

[chromacomics@hotmail.com](mailto:chromacomics@hotmail.com)

[www.chromaeditions.com](http://www.chromaeditions.com)

**Editorial Rackham (Novo contacto)**

M. Latino Imparato

[Latino.imparato@editions-rackham.com](mailto:Latino.imparato@editions-rackham.com)

**Editorial Carabas (contacto actualizado)**

Jerome Martineau

[jmartineau@grupetournon.com](mailto:jmartineau@grupetournon.com)

**001 Edizioni (Novo contacto)**

Antonio Scuzzarella (editor)

[scuzzarella@001edizioni.com](mailto:scuzzarella@001edizioni.com)

**editions Duteil (Novo contacto)**

[duteil.marc@editionsduteil.com](mailto:duteil.marc@editionsduteil.com)

[www.editionsduteil.com](http://www.editionsduteil.com)

**Pavesio Editions (Novo contacto)**

Mario Checchia

[m.checchia@pavesio.com](mailto:m.checchia@pavesio.com)

[www.pavesio.com](http://www.pavesio.com)

**Kymera (Novo contacto)**

Eric Bufkens (relation presse)

[eric@kymeracomics.com](mailto:eric@kymeracomics.com)

[www.kymeracomics.com](http://www.kymeracomics.com)

**Akileos (Novo contacto)**

Richard Saint Martin (editor)

[r.saintmartin@akileos.com](mailto:r.saintmartin@akileos.com)

**Les editions AKAI (Novo contacto)**

Thomas Bidou

[tbidou@editions-akai.fr](mailto:tbidou@editions-akai.fr)

[www.editions-akai.fr](http://www.editions-akai.fr)

**Fenice (Novo contacto)**

[www.fenice-bd.eu](http://www.fenice-bd.eu)

colectivo autoeditado especializado en manga

**Festivais de BD:**

**Festival de Montreuil-Bellay (contacto actualizado)**

Despois do contacto do ano pasado e tendo en conta que plantexan un festival con gran presenza española (A convidada de honra é Ana Miralles) amosan interese en expoñer a mostra “Dez anos de BD galega” no encontro.

Presidente Marc Defois

[contact@aucoeurdesbulles.com](mailto:contact@aucoeurdesbulles.com)

<http://www.aucoeurdesbulles.com/>

**Ediciones Veleta – Salón del cómic de Granada (contacto actualizado)**

Amalia Ramos

[amalia@e-veleta.com](mailto:amalia@e-veleta.com)

Alejandro V. Casasola

[alejandro@e-veleta.com](mailto:alejandro@e-veleta.com)

**Ediciones Veleta – Salón del cómic de Sevilla (Novo contacto)**

Paco Cerrejon

[pacocerrejon@e-veleta.com](mailto:pacocerrejon@e-veleta.com)

**FICOMIC (contacto actualizado)**

Graziella Perez queda en mandarnos unha lista de aloxamentos asequibles para tódolos que queiran asistir ao salón del Comic de Barcelona en condicións económicas.

[graziella@ficomic.com](mailto:graziella@ficomic.com)

**Viñetas sueltas (Novo contacto)**

Thomas Dassance (director do festival internacional de historieta de Buenos Aires)

[Thomas.dassance@gmail.com](mailto:Thomas.dassance@gmail.com)

**Outros contactos:**

**Momie Folie** (empresa adicada á venda de reproducións limitadas e asinadas)

[momiefolie@free.fr](mailto:momiefolie@free.fr)

[www.momiefolie.com](http://www.momiefolie.com)

Muttpot (empresa adicada á venda de bonecos)

[n.forsans@muttpop.com](mailto:n.forsans@muttpop.com)

<http://fr.muttpop.com/>

Agrupación que fai proxectos relacionando BD e danza.

[emilio.calcagno@hotmail.com](mailto:emilio.calcagno@hotmail.com)

<http://www.bdanse.com/>

Non deixedes de visitar o traballo de de **Imaginism Studios**

[www.imaginismstudios.com](http://www.imaginismstudios.com)

El guionista americano **Brian Azzarello**  
[Bazz100@aol.com](mailto:Bazz100@aol.com)

El dibujante argentino **Andres Lozano**  
[Andreslozano80@gmail.com](mailto:Andreslozano80@gmail.com)  
[www.andreslozano.com.ar](http://www.andreslozano.com.ar)

El dibujante argentino **J.J. Rovella**  
[jjrovella@yahoo.com.ar](mailto:jjrovella@yahoo.com.ar)  
[www.javirovella.blogspot.com](http://www.javirovella.blogspot.com)

### Colaboración na promoción dos autores galegos alí presentes

Durante o festival colaboramos cos autores galegos interesados en mover o seu traballo na feira, facilitándolles os contactos ou servizos á nosa disposición ou o espazo do stand, tanto para reunións, como para expoñer o seu traballo.





